

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREA MARTÍNEZ, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 12 de decembro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguinte licenzas: para a rehabilitación de vivenda unifamiliar no núcleo rural de Portiño-Galegos de Arriba, número 7, parroquia de Castelo-Santiago de Afora; para construír unha vivenda unifamiliar illada no núcleo rural tradicional de Bosende de Arriba, parroquia de Muxa San Pedro Fiz; para modificación da licenza de obras número 158/2010, consistente en cambios na distribución interior, que afecta ás vivendas en dúplex, cuarto do lixo, cuarto de comunidade, rochos e tres tendais, manténdose a descrición da licenza, no edificio sito na rúa Concepción Arenal, números 28-30; para cambio de uso de locais de oficina a vivenda, nas plantas 1ª a 8ª e baixo cuberta, para un total de 26 vivendas en edificio con licenza número 316/2010, sito na rúa Rof Carballo, número 6, Unidade de Actuación CS-15, parcela 9, bloque 5-2; para legalización e ampliación de vivenda unifamiliar na primeira travesía de San Eufrasio, número 22; para a legalización de ampliación de planta baixa en fondo e terrazas de planta primeira no edificio con licenza número 1036/07, na rúa Vázquez Queipo, número 3; e para legalización e ampliación de curral doméstico e almacén de maquinaria en Ombreiro, Riazón.

2. XESTIÓN.- Acórdase a imposición da quinta multa coercitiva e a reiteración da execución das obras ordenadas no inmovible número 42 da rúa Xulia Minguillón.

Tamén se acorda a imposición da quinta multa coercitiva e a reiteración da execución das obras ordenadas no inmovible número 48 da ronda da Muralla.



Código Seguro de verificación:Z1j101GHOBXoW1Ei9MJChA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	26/12/2012
ID. FIRMA	afirma.pro	Z1j101GHOBXoW1Ei9MJChA==	PÁGINA 1/3



Z1j101GHOBXoW1Ei9MJChA==

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Deuse conta do informe da Xefa do Servizo de Persoal do 12 de decembro de 2012 e acordouse adscribir temporalmente á funcionaria municipal pertencente á subescala Técnica de Administración Xeral en posesión da Licenciatura en Dereito e adscrita ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, á Asesoría Xurídica municipal.

Acórdase autorizar a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito a Servizos Sociais (Centro Convivencia da Milagrosa), e apróbase a forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a revisión de prezos para o período que vai dende o 28/05/2012 e o 27/05/2013 do contrato administrativo asinado coa entidade adxudicataria da contratación do servizo público municipal do Centro de Día Novo Antonio Gandoy.

Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa entidade adxudicataria da contratación de dez prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna, por prazo de seis meses contados dende o 27 de novembro de 2012 ou ben prazo inferior ata a adxudicación de nova contratación.


Tamén se acorda a prórroga e revisión de prezos do canon e das tarifas de consumición correspondentes á explotación do servizo de cafetería sita no Centro de Convivencia Uxío Novoneyra, para o período que vai dende o 27 de outubro de 2012 ata o 26 de outubro de 2013.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como tramitación anticipada de gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación dun servizo de información e dinamización dos centros de dinamización sociocultural sitos na zona rural, espazos propiedade do Concello de Lugo e dirixidos ás veciñas e veciños das zonas rurais do Concello de Lugo, e a apertura do procedemento de adxudicación.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización das situacións tributarias en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre contrución, instalacións e obras ao denegarse as licenzas solicitadas para: instalación de estación base de telefonía móbil na rúa San Pedro, 5; execución de soportal cuberto en vivenda unifamiliar sita en Castelo de Arriba, 19, e instalación dun aparcadoiro exterior de uso público na estrada da Coruña, 37.

Código Seguro de verificación:Z1j101GHOBXoW1Ei9MJChA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	26/12/2012	
ID. FIRMA	afirma.pro	Z1j101GHOBXoW1Ei9MJChA==	PÁGINA	2/3



Z1j101GHOBXoW1Ei9MJChA==

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de obras solicitada para instalación de monoposte para marquesiña publicitaria na avda. Benigno Rivera.

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA

6. INFORMÁTICA.- Acórdase aprobar o proxecto de políticas de seguridade da información.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.

Código Seguro de verificación:Z1j101GHOBXoW1Ei9MJChA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	26/12/2012
ID. FIRMA	afirma.pro	Z1j101GHOBXoW1Ei9MJChA==	PÁGINA 3/3



Z1j101GHOBXoW1Ei9MJChA==